

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15027332	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	08/01/25
Data aprobación consello	24/10/23
Data aprobación claustro	24/10/23

2. Introducción

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O CEIP das Fontiñas está situado na cidade de Santiago de Compostela, concretamente no barrio de Fontiñas, do que recibe o seu nome. Neste barrio, ben comunicado e dotado de servizos públicos, hai vivendas de carácter social na que a maioría dos seus habitantes teñen un nivel económico baixo, outras vivendas de protección oficial cun nivel económico medio e outras de promoción particular sendo o nivel económico das familias medio-alto. Estas desigualdades reflíctese na heteroxeneidade dos nosos grupos de clase. Por último destacar a frecuencia de casos de absentismo escolar que padecemos, protagonizado na maioría dos casos por familias de alumnado de etnia xitana.

Conta con dúas liñas tanto en educación infantil como educación primaria, aínda que neste curso 24 – 25 contamos cun desdobre en 3º de E. Primaria.

Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo:

O noso centro acolleuse en 2012 ao Proxecto Abalar da Consellería de Educación, o cal supuxo unha modernización das aulas en canto ás TIC. Nese momento as aulas modernizáronse con canóns, PDI e un ordenador (nalgúns casos portátiles) para o profesorado en cada aula, ao alumnado concedíase un convertible (portátil + tablet).

No ano 2020 o centro acóllese ao proxecto EDIXGAL, o que trouxo consigo un cambio cualitativo no emprego das TIC xa que os portátiles, tanto do alumnado como do profesorado, cédense durante os dous anos nos que se imparte o proxecto. No resto das aulas do centro pasouse en poucos anos de ter só unha computadora, a ter un equipo informático, un canón e unha PDI. Ademais, entre o curso pasado e o actual, a dotación proporcionada pola Consellería reforzou a infraestrutura tecnolóxica do centro, incorporando novos paneis dixitais interactivos para todas as titorías de Infantil e Primaria.

O noso centro, neste momento non está adscrito a ningún programa de Innovación Dixital, aínda que se valorará poñer en marcha algún nos vindeiros cursos académicos. No que sí está adscrito o centro é a diferentes programas relacionados con aspectos que xiran arredor da biblioteca como poder ser o PLAMBE.

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeran Anual do curso 24/25:

- Potenciar a coordinación e a colaboración entre os diferentes equipos docentes para a redacción de proxectos, especialmente o Plan Dixital.
- Continuar no proxecto EDIXGAL e abrírnos a outro tipo de programas.
- Contribuir de xeito transversal na imprentenación no Plan Dixital a través do traballo realizado entre o profesorado.
- Garantir que o Plan Dixital sirva para mellorar a formación de todo o profesorado e tamén a do alumnado desenvolvendo un pensamento crítico e reflexivo.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa por medio do uso de recursos compartidos.
- Promover a utilización de aulas virtuais (EVA XUNTA ou Moodle) como ferramenta de apoio a profesorado e alumnado.
- Promover a utilización de ferramentas de software libre para compensar as desigualdades tecnolóxicas que hai entre as familias.
- Facilitar o acceso ás ferramentas pro parte do alumnado con encidades educativas especiais.
- Analizar as necesidades, tanto de recursos como de formación que a nosa comunidade educativa puidese demandar.
- Acordar un orzamento mínimo de dedicación aos labores tecnolóxicos que estean vencellados co feito educativo.
- Que sexa un verdadeiro plan no que seta implicada toda a comunidade educativa.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para levar a análise DAFO empregamos os seguimentos instrumentos: cuestionario SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente (CDD).

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	H11. Escasa capacidade do alumnado para codificar e programar.	Alumnado	Non
Debilidade	H13. Dificultades para que o propio alumnado poida resolver os seus problemas técnicos.	Alumnado	Non
Debilidade	C10. Ausencia de suficientes dispositivos no centro para o emprego por parte do alumnado	Infraestruturas	Non
Debilidade	C14. Os espazos físicos: non facilitan o ensino virtual.	Infraestruturas	Non
Debilidade	C16. Carencia de repositorios en liña para o ensino.	Infraestruturas	Non
Debilidade	A1. Carencia dunha estratexia dixital no centro.	Organización de centro	Non
Debilidade	B4. Falta do emprego das tecnoloxías dixitais par colaborar con outros centros educativos da nosa contorna.	Organización de centro	Non
Debilidade	F5. Pouca colaboración entre o alumnado no emprego das TICS.	Persoal docente	Non
Debilidade	F6. Falta de emprego das TICS para a realización de proxectos interdisciplinares.	Persoal docente	Non
Debilidade	G6. Escasa coevaluación entre o alumnado: non se empregan as tecnoloxías para fomentar os comentarios entre iguais nos traballos.	Persoal docente	Non
Fortaleza	H1. A concienciación ao alumnado dun comportamento seguro na rede.	Alumnado	Non
Fortaleza	C3. Posibilidade de acceso a Internet desde todos os puntos do centro.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	C2. Presenza no centro de bos dispositivos dixitais para o ensino e para a aprendizaxe.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	A elaboración e posta en marcha dun plan de comunicación para facilitar a labor comunicativa con toda a comunidade educativa.	Organización de centro	Non
Fortaleza	A3. Apoio do equipo directivo para a exploración de novas modalidades de ensino	Persoal docente	Non
Fortaleza	E1. Busca e emprego de recursos educativos en liña por parte do profesorado para o ensino	Persoal docente	Non
Fortaleza	E4. Comunicación fluída coa comunidade educativa a través do emprego de recursos tecnolóxicos.	Persoal docente	Non
Fortaleza	F1. A capacidade de adaptar as tecnoloxías ás necesidades do alumnado.	Persoal docente	Non
Fortaleza	F3. O fomento da creatividade por parte do alumnado na elaboración de tarefas en formato dixital.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Falta de tempo para explorar o ensino dixital.	Administración educativa	Si
Ameaza	Preocupación das familias polo uso que se fai dos dispositivos electrónicos e dixitais por parte do alumnado.	ANPA	Si
Ameaza	Carencias na Competencia Dixital das familias.	Contorna	Non
Ameaza	Falta de medios nos fogares para o acceso a dispositivos dixitais.	Contorna	Non
Ameaza	Infraestruturas con deficiencias nas casas do noso alumnado.	Contorna	Non
Ameaza	Problemas de seguridade na rede	Contorna	Non
Ameaza	A constante modificación dos currículos complica a innovación e a implementación na aula de estratexias conxuntas de aprendizaxe, e dificulta a súa consolidación.	Lexislación	Non
Ameaza	O profesorado non emprega ferramentas de colaboración con outras entidades.	Outras	Non
Oportunidade	O emprego de software libre e as ferramentas corporativas.	Administración educativa	Non
Oportunidade	A propia elaboración dos Proxectos Dixitais de Centro e do Proxecto de Comunicación de Centro.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Existencia de multitude de recursos dixitais para empregar na aula.	Contorna	Non
Oportunidade	O cambio lexislativo da LOMLOE promove a Competencia Dixital.	Lexislación	Non

3.4. Análise

null

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Fomentar o uso dos dispositivos e ferramentas corporativas: aula virtual, EDIXGAL, Abalar Móbil.
O02PD	Elaborar un banco de recursos propios na aula virtual do centro a disposición do clasutro
O03PD	Solicitar a renovación dos equipos informáticos do centro.
O04PD	Mellorar a competencia dixital do profesorado.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Falta de tempo para explorar o ensino dixital.

Ameaza - ANPA - Preocupación das familias polo uso que se fai dos dispositivos electrónicos e dixitais por parte do alumnado.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de profesorado que participa na Aula Virtual compartida.	0	60%				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Xuntanza do claustro e comisión de coordinación pedagóxica (CCP) para crear un compromiso no uso das ferramentas institucionais comezando pola xestión da programación.	31/10/2023	setembro, outubro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Diferentes membros da comunidade educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada segundo o previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Creación de cursos e matriculación do alumnado e do profesorado neses cursos dentro da AULA VIRTUAL do centro.	30/11/2023	setembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Claustro de profesores e alumnado.	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada segundo previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Posta en funcionamento dun taboleiro de anuncios na Aula Virtual para inserir propostas.	30/11/2023	setembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC.	
Destinatario	Claustro de profesores.	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada segundo o previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Posta en funcionamento dunha Aula Virtual para favorecer a comunicación entre o profesorado.	24/02/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Claustro de profesores.	

Revisión	Data	Arquivo
En proceso		
Realizada	28/05/2024	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de Recursos incluídos no repositorio	0	30%				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Crear un curso na aula virtual correspondente (corporativa e EDIXGAL) onde colocar os recursos seleccionados.	30/11/2023	setembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado.	

Revisión	Data	Arquivo
Realizado segundo o previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Cear un grupo de traballo que se encargue de buscar e catalogar recursos dixitais.	15/12/2023	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Coordinador TIC, claustro e equipo directivo.	
Destinatario	Claustro de profesores.	

Revisión	Data	Arquivo
Esta acción desbotouse por cuestións organizativas optando por unha liña de traballo individual.		

Acción	Data máxima	Temporalización
Buscar a catalogar recursos dixitais na aula virtual Moodle e tamén en EDIXGAL.	28/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo, Coordinador TIC e claustro de profesores.	
Destinatario	Claustro do profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
En proceso.		
Realizada.	28/05/2024	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de dispositivos renovados	0	20				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Avaliar os equipos informáticos que hai nas diferentes estancias do centro valorando o seu estado.	30/11/2023	setembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC e Equipo directivo.	
Destinatario	Claustro de profesoresq	

Revisión	Data	Arquivo
Realizado segundo o previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Inventariar o equipamento informático do centro.	15/12/2023	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Coordinador TIC	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada segundo o previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitar a actualización e a renovación do equipamento dixital.	30/01/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro
Responsables	Dirección do centro.	
Destinatario	Profesorado.	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada	28/05/2024	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de profesorado que participa na formación	0	50%				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Xuntanza inicial do claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica para a detección de necesidades.	24/10/2023	setembro, outubro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Profesorado.	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada segundo o previsto.		

Acción	Data máxima	Temporalización
Inscrición oficial na liña do PFPP (Polos creativos para o curso 23 - 24)	28/10/2023	setembro, outubro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Realizada segundo o previsto		

Acción	Data máxima	Temporalización
Pre inscrición nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado.	30/10/2023	setembro, outubro
Responsables	Equipo directivo.	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Fíxose unha preinscrición nunha liña de PFPP para traballar co alumnado TEA.		

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital fará un seguimento trimestral no que se verificará se se realizaron ou non as accións encamiñadas a acadar os obxectivos propostos.

5.2. Primeiro trimestre

Xuntanza do claustro e comisión de coordinación pedagóxica (CCP) para crear un compromiso no uso das ferramentas institucionais comezando pola xestión da programación. Realizada.

Posta en funcionamento dun taboleiro de anuncios na Aula Virtual para inserir propostas. Realizada.

Creación de cursos e matriculación do alumnado e do profesorado neses cursos dentro da AULA VIRTUAL do centro. Realizada.

Crear un curso na aula virtual correspondente (corporativa e EDIXGAL) onde colocar os recursos seleccionados. Realizada.

Cear un grupo de traballo que se encargue de buscar e catalogar recursos dixitais. Desbotada.

Avaliar os equipos informáticos que hai nas diferentes estancias do centro valorando o seu estado. Realizada.

Inventariar o equipamento informático do centro. Realizada.

Xuntanza inicial do claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica para a detección de necesidades. Realizada.

Inscripción oficial na liña do PFPP (Polos creativos para o curso 24 - 25). Realizada.

Pre inscrición nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado. Realizada.

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Á vista dos resultados dos seguimentos trimestrais, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital fará ao remate do curso unha valoración global sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e achegará as propostas de mellora que axuden a que o proceso de implementación das TIC no centro se faga de maneira eficaz.

6.2. Valoración xeral

Facemos a seguinte avaliación dos obxectivos propostos neste Plan Dixital:

Fomentar o uso dos dispositivos e ferramentas corporativas: aula virtual, EDIXGAL, Abalar Móbil. A través da dirección do centro, equipo que conforma o Plan Dixital e incluso desde as titorías instouse ás familias ao emprego de ferramentas corporativas como as mencionadas; foi frecuente que o alumnado ao longo do presente curso accedera as aulas virtuais do centro (Moodle ou EDIXGAL), que as familias se puxesen en contacto co profesorado a través de Abalar Móbil. Ademais houbo profesorado que empregou a plataforma Agueiro para compartir galerías de imaxes, vídeos, co seu alumnado.

Elaborar un banco de recursos propios na aula virtual do centro a disposición do claustro. Desde o centro tratouse de crear un banco de recursos a través da aula virtual Moodle e tamén a través da plataforma EDIXGAL. Na primeira delas o propio profesorado foi quen de subir recursos que poden ser empregados por outros compañeiros. Tamén se facilitaron ligazóns a través de Agueiro ao profesorado para que puidesen acceder a certos recursos que se fan interesantes para o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.

Solicitar a renovación dos equipos informáticos do centro. Solicitamos a renovación de todos aqueles equipos que se foron quedando obsoletos. Agora neste final de curso temos pendente desfacer nos dalgúns equipos do centro que actualmente están en desuso e que xa levan tempo no centro. Ademais, recentemente tamén se renovaron os equipos da dirección do centro e da xefatura de estudos. A día de hoxe tamén estamos pendentes da instalación dos paneis dixitas que se ben é certo que xa os temos no centro aínda non foron colocados nas aulas.

Mellorar a competencia dixital do profesorado. Como sucede en moitos claustros segue a ser unha asignatura pendente. Porén, durante estes cursos leváranos a cabo direrentes formacións a través de PFPP para mellorar a competencia dixital do profesorado.

6.3. Propostas de mellora

- Levar a cabo diferentes accións para que a comunicación entre profesorado e familias se dixitalice aínda un pouco máis como pode ser suprimir o boletín de notas en formato papel.
- Insitir no emprego de ferramentas corporativas entre o profesorado e tamén as familias.
- Ser máis constantes na creación dos recursos dixitais e facer unha boa difusión entre todo o profesorado das "creacións" dos diferentes membros da comunidade educativa.
- Levar a cabo unha renovación total dos equipos informáticos do centro durante o curso 24/25.
- Apostar por unha mellora sustancial da competencia dixital do profesorado a través de cursos que sexan prácticos, operativos e máis motivadores para o profesorado.

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

A estratexia para comunicar e difundir o Plan Dixital será a seguinte:

- Publicación do Plan Dixital na páxina web do centro.
- Dar coñecemento do Plan Dixital ao Claustro e Consello Escolar na seguinte xuntanza que levemos a cabo. Tanto Claustro como Consello Escolar deben coñecer en profundidade o Plan Dixital de centro.
- Consulta do Plan Dixital a través do buscador da Consellería.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
ANÁLISE DAFO	ANÁLISE DAFO.pdf
TEST CDD	15027332_CEIPdasFontiñas_CDD_15032022.pdf